



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ASESORAMENTO E APOIO NA INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 22 de maio de 2025

COMPARECEN

DUNHA PARTE: Don Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, ambos do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.


E DOUTRA: Don Delmiro Prieto González, con DNI 71497418D, presidente da Federación Down Galicia, con NIF: G 15665144 e domicilio na rúa Alejandro Novo González núm. 1, de Santiago de Compostela, que actúa no seu nome e representación.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

MANIFESTAN

I.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde, entre outras competencias, a planificación estratéxica da política de recursos humanos conxunta do Sistema Público de Saúde de Galicia, correspondéndolle ao Servizo Galego de Saúde o deseño e execución da política de persoal do organismo.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, lei aplicable ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece no seu artigo 48.2 que nas ofertas de emprego público reservarase unha porcentaxe non inferior ao sete por cento das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade, sempre que superen as probas selectivas e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade desta co desempeño das tarefas e funcións, de xeito que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais de cada Administración pública incluída no ámbito de aplicación desta lei.



A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

II.- A Federación Down Galicia ten como fin xeral a misión de apoiar o labor das entidades da Federación no seu traballo pola inclusión das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais a través de apoios personalizados ao longo da súa vida e da súa participación nos recursos existentes para toda a poboación. Os valores que inspiran e orientan a actuación da Federación, son os que sustentan a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade do 13 de decembro de 2006, e en concreto os de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade, os de inclusión social, e os de fomento da súa vida autónoma e independente. Asumindo como propio o Ideario de Down España, como Federación estatal da que forma parte, sendo as 10 ideas fundamentais nas que se asenta o labor, as de: 1.- Valoración da diversidade; 2.- Autonomía persoal; 3.- Inclusión; 4.- Deseño Universal; 5.- Uso dos recursos e espazos da comunidade; 6.- A persoa no centro; 7.- Perspectiva de xénero; 8.- Unidade; 9.- Xestión responsable; e 10.- Neutralidade.

III.- Así mesmo, e de acordo co recollido nos seus Estatutos, a Federación Down Galicia dirixirá a súa actuación á consecución, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- a) Impulsar que as persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais participen activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente.
- b) Promover e realizar campañas de información e mentalización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.
- c) Promover proxectos de inclusión escolar, laboral, social, programas de saúde e todos aqueles que favorezan o desenvolvemento persoal e a plena inclusión das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.
- d) Fomentar a promoción da muller con síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual en todos os ámbitos. Fomentar todas aquelas políticas de discriminación positiva que promovan a inclusión social en todos os ámbitos (escolar, familiar, social, laboral, etc.) das mulleres con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- e) Promover a autonomía persoal das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.
- f) Favorecer a inclusión social das persoas con síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais en todas as etapas da súa vida, evitando a súa exclusión social e aumentando a súa participación no mercado de traballo, para lograr unha igualdade real de oportunidades e conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos (familiar, escolar, laboral e social).



IV.- A Federación Down Galicia para a consecución dos seus obxectivos, así como no marco da presente colaboración, contará co apoio e traballo coordinado das súas entidades membros;

RAZÓN SOCIAL ENTIDADE MEMBRO	C.I.F. ENTIDADE
DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN	G-36.697.324
DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" ASOC SÍNDROME DE DOWN	G-36.164.887
ASOC. SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL	G-15.458.060
FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA	G-70.040.258
DOWN CORUÑA: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN	G-15.731.466
ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO-DOWN LUGO	G-27.202.043
DOWN OURENSE	G-32.311.870

V.- A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde pretenden asinar un novo convenio de colaboración coa Federación Down Galicia para que, na liña do convenio suscrito no ano 2016 coa Consellería, se desenvolvan actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con discapacidade intelectual que pasen a prestar servizos no Servizo Galego de Saúde, como persoal estatutario fixo ou persoal temporal.

O fundamento deste convenio non é outro que a realización material do artigo 49 da Constitución, en cuxa virtude:

"1. As persoas con discapacidade exercen os dereitos previstos neste Título en condicións de liberdade e igualdade reais e efectivas. Regulamentarase por lei a protección especial que sexa necesaria para dito exercicio.

2. Os poderes públicos impulsarán as políticas que garanticen a plena autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, en contornas universalmente accesibles. Asemade, fomentarán a participación das súas organizacións, nos termos que a lei estableza. Atenderanse particularmente as necesidades específicas das mulleres e dos menores con discapacidade."

As actuacións ás que se comprometen a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde coa sinatura deste convenio quedan enmarcadas dentro do seu eido competencial en tanto que ostentan a condición de administracións responsables das convocatorias de emprego público do Servizo Galego de Saúde, e de deseño e execución da política de persoal do organismo autónomo, de acordo cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio.

VI.- Este convenio de natureza administrativa queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de





febreiro de 2014, segundo o establecido no artigo 6.1 da citada lei.

Así, o artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro determina que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na mesma ou en normas administrativas especiais, celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as comunidades autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

Ademais, a devandita lei condiciona dita exclusión ao cumprimento das seguintes condicións:

- a) Que as entidades intervenientes non deben ter vocación de mercado e ademais, queda excluído do convenio a obtención dun beneficio económico directo para as partes.
- b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles atinxen se prestan de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común.

Neste caso trátase de desenvolver actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con discapacidade intelectual que pasen a prestar servizos no Servizo Galego de Saúde, como persoal estatutario fixo ou persoal temporal.

- c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

En virtude de todo o exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración, que están interesadas en establecer de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidade do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde coa Federación Down Galicia xunto coas súas entidades membro, para o desenvolvemento de actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con discapacidade intelectual que pasen a prestar servizos no Servizo Galego de Saúde, como persoal estatutario fixo ou persoal temporal, mediante a



realización das actuacións recollidas na cláusula seguinte.

As actividades obxecto deste convenio de colaboración engloban, tanto accións de formación e orientación sociolaboral previas ao ingreso ou ao inicio da prestación de servizos na Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, das persoas traballadoras con discapacidade intelectual, como accións de apoio ao desenvolvemento no posto de traballo ao longo da carreira profesional.

Así, atendendo ó alcance desta colaboración, este convenio dará cobertura a todo o apoio que se preste dende as entidades de Down Galicia a través da figura profesional do/a preparador/a laboral en calquera posto de traballo competencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, e que sexa desenvolvido por unha persoa con discapacidade intelectual, independentemente de que accedese a través de convocatoria independente con reserva a persoas con discapacidade intelectual ou ben a través de listas ou procesos selectivos de emprego ordinario.


Segunda.- Compromisos e obrigas das partes

As partes que subscriben este convenio comprométense a realizar as seguintes actuacións:

- a) Apoio na adaptación de medios e tempos nas probas selectivas de acceso a prazas reservadas a persoas con discapacidade intelectual nas ofertas públicas de emprego do Servizo Galego de Saúde.
- b) Cursos de formación específicos previos ao ingreso ou ao inicio da prestación de servizos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que serán impartidos por persoal da Xunta de Galicia co apoio de persoal da Federación Down Galicia e das súas entidades membro.
- c) Apoio no proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo das persoas traballadoras con discapacidade intelectual, así como da súa contorna laboral.
- d) Seguimento do desempeño da actividade laboral, incluíndo formación continua en competencias instrumentais, transversais e laborais para este colectivo, de acordo cos resultados da detección de necesidades formativas.
- e) Realización de talleres prácticos de intercambios de experiencias dirixidos ao persoal que realiza funcións de referencia na contorna de traballo deste colectivo.

A colaboración da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde no bo fin das actuacións comprenderá as seguintes obrigas:

- a) A posta a disposición das instalacións e os medios axeitados para o desenvolvemento das actividades propias da formación.



- b) Proporcionar formación ás persoas con discapacidade intelectual que superen un proceso selectivo ou inicien unha prestación de servizos de carácter temporal, sobre as distintas funcións que deberá desenvolver no desempeño do seu posto de traballo.
- c) Realización de actividades que faciliten o proceso de acollida no entorno laboral das unidades de destino das persoas empregadas públicas de novo ingreso, para o que se contará co asesoramento do persoal da Federación Down Galicia xunto co das súas entidades membro.
- d) Todas aquelas actividades formativas ou de orientación que contribúan á mellora do desempeño e á plena inserción das persoas traballadoras con discapacidade intelectual no Servizo Galego de Saúde.

As obrigas de Down Galicia serán as seguintes:

- a) Colaborar coa Administración nas actividades formativas, tanto as previas ao inicio da prestación de servizos, como as de seguimento, ben a través do asesoramento, ben a través do apoio na súa impartición.
- b) Asesoramento no proceso de inclusión laboral das persoas aspirantes.

Terceira.- Ausencia de compromisos económicos

O presente convenio non implica obrigas económicas para as partes, e non require de dotacións orzamentarias específicas.


Cuarta.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir nin á Consellería de Sanidade, nin ao Servizo Galego de Saúde responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A entidade deberá acreditar estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de todos os seus deberes de aseguramento e demais obrigas co citado persoal.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase unha Comisión Mixta de seguimento integrada por catro representantes da Consellería de



Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, un dos cales a presidirá, e por dous representantes de Down Galicia. O réxime de funcionamento desta comisión será o establecido na Sección 3ª do Capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Dita comisión será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente convenio.

Reunirase cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, alomenos unha vez cada seis meses.

A Comisión Mixta realizará unha avaliación anual sobre o cumprimento e o grao de execución, que documentará a través dun informe. Unha vez finalizado o período de aplicación do presente convenio dita comisión realizará unha avaliación final, que fará pública ante os órganos reitores das institucións asinantes.

Corresponderán á Comisión Mixta, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as iniciativas e accións específicas que se propoñan levar a cabo en cumprimento do obxecto do presente convenio.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente convenio, e as súas posibles modificacións.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución das dúbidas e discrepancias que poidan presentarse.

Sexta.- Confidencialidade e protección de datos de carácter persoal

As partes comprométense a non difundir as informacións pertencentes á outra parte ás que poidan ter acceso no desenvolvemento do presente convenio, agás consentimento expreso, e sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

As partes informarán da anterior obriga ao persoal que participe nas actividades obxecto deste convenio, o cal deberá asinar un documento de compromiso de confidencialidade ao respecto.

A efectos de facilitar o cumprimento destas obrigas cada parte informará á outra por escrito e coa debida antelación sobre o carácter confidencial da información e documentación facilitada á outra.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a



máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizada a vixencia do convenio.

Sétima.- Vixencia, modificación e prórroga do convenio

1. A duración do presente convenio será de catro anos dende o día seguinte ao da súa sinatura, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes.
2. O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión de Seguimento do convenio e previo acordo das partes.
3. En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, as partes asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Oitava.- Resolución do convenio

Son causas de resolución do convenio as seguintes:


1. O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
2. O acordo unánime das partes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá requirir á outra que cumpra coas obrigas ou compromisos asumidos, informando diso á Comisión de seguimento do convenio.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. A denuncia expresa do convenio manifestada por calquera das partes con 3 meses de antelación.

Novena.- Natureza xurídica e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.



De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio, resolveranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima.- Rexistro de convenios e transparencia.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervincentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

E en proba de conformidade asinase o presente convenio no lugar e data indicados.

POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO
GALEGO DE SAÚDE



Antonio Gómez Caamaño

POLA FEDERACIÓN DOWN GALICIA



Delmiro Prieto González